



LER EN FAMILIA É DIVERTIDO

**Os libros recomendados deste mes.
Máis que recomendados, imprescindibles. Idóneos
como agasallo para quen no estea habituado a ler.**

Los girasoles ciegos de Alberto Méndez



Catro excelentes historias sobre a posguerra que recollen o que se contou polo baixiño para que non caera no olvido.

Son historias reais mesturadas con aportacións do autor.

Sin noticias de Gurb de Eduardo Mendoza

A característica diferenciadora nesta novela é a condición alienígena (mais ben extraterrestre) e a falla absoluta de sentido común do personaxe protagonista .

É un relato de carácter satírico, escenario dunha carnalada que revela o verdadeiro rostro do ser humano urbano actual.



O inferno de Marta de Pascual Alapont



Esta é a historia dunha moza que se enamorou da persoa equivocada; pero tamén é a historia dunha amizade a proba de bombas que cativa pola súa tenrura.

Un libro útil que combina unha novela emocionante chea de suspense e un práctico libro de autoaxuda.



¡Engánchate á lectura!

O logotipo da biblioteca MGB é unha invitación a “engancharse” á lectura. Representa a afección aos libros e o pracer que estes aportan a quen os le. Foi creado por Óscar Pintor Gil, alumno de 4º de ESO, gañador do concurso promovido desde a biblioteca en colaboración con Xoán Xosé Pérez Viéitez, profesor de Educación Plástica e Visual.

TEMPO DE **L E c e R**

Lectura, ledicia, liberación, lección...


Entretemento, emoción, ensoñación, esperanza, engaiolamento...

Coñecemento, cultura, curiosidade, criterio, civilización, conforto, consulta...

Entendemento, encontro, empatía, enganche, enlace, entrega, estudo...

Reflexión, recreo, refuxio, recollemento, rescate...

¡FELICIDADES!



“A lectura é a viaxe dos que non poden tomar o tren”
(Francis de Croisset)

ANIMÁDEOS A CONCURSAR

“LE, MATINA, RELÉ”

A biblioteca do MGB convoca un concurso de microrrelatos baixo o título "Le, Matina, Relé" para todo o alumnado do centro coas seguintes bases:

- Poderá escribirse en calquera dos dous idiomas cooficiais: galego ou castelán.
- Non deberá superar as dez liñas.
- Os concursantes asinarán os escritos cun pseudónimo que entregarán na biblioteca, xunto cos datos persoais, a Pura Torres.
- A inscrición farase antes e despois das vacacións de Nadal.
- Os microrrelatos incluíranse no blog na segunda quincena de xaneiro.
- O mellor microrrelato será elixido por votación a segunda semana de febreiro.
- O gañador ou gañadora recibirá un premio a fin de curso.

Para ter máis información, pódese ver no expositor da biblioteca unha selección de microrrelatos de Gonçalo M. Tavares.


Tamén se pode consultar o blog da biblioteca: pasandopaxinas.blogspot.com

HÁBITOS DE LECTURA NO IES MGB

A enquisa realizada este trimestre entre o alumnado do noso centro servíu de base para coñecer os seus hábitos de lectura e os das súas respectivas familias.

A avaliación dos resultados da enquisa revelou que unha maioría le pouco e por obrigación, é dicir, só aqueles libros de lectura obrigada nas respectivas materias. Como consecuencia da súa escasa afección, o alumnado admite como dificultade máis destacada a da **comprensión lectora**. Os que len habitual e voluntariamente manifestan que o fan sobre todo por entretemento, por aprender e porque lles gusta “meterse” na historia, e que seguen os consellos dos amigos ou amigas, do profesorado e da familia para a elección das lecturas. A temática preferida pola maioría son os temas propios da adolescencia, aventuras, terror e humor.

Un dato importante, e a ter moi en conta polas familias, é que o alumnado que se confesa máis lector é o que vive nun entorno familiar no que se le e se comentan as lecturas.



¡Leamos xuntos, leamos xuntas!

